

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

12525 *Corrección de erros do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público.*

Advertidos erros no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 261, do 31 de outubro de 2015, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 1, na parte expositiva, parágrafo sétimo, onde di: «Neste sentido, ben que en todo momento se perseguiu o obxectivo unificador que encarna esta clase de textos...», debe dicir: «Neste sentido, en todo momento se perseguiu o obxectivo unificador que encarna esta clase de textos...».

Na páxina 2, na disposición derogatoria única, número 8, onde di: «8. O artigo 28 e a disposición transitoria novena da Lei 15/2014,...», debe dicir: «8. O artigo 28 da Lei 15/2014,...».

Na páxina 2, na disposición derogatoria única, número 13, onde di: «... da Lei de orzamentos...», debe dicir: «... da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos...».

Na páxina 27, no último parágrafo, sexta e sétima liñas, onde di: «... o outro proxenitor, adoptante ou acolledor de carácter preadoptivo ou permanente,...», debe dicir: «... o outro proxenitor, adoptante ou gardador con fins de adopción ou acolledor de carácter permanente,...».

Na páxina 48, na disposición adicional segunda, número 2, cuarta a sexta liñas, onde di: «... previstas na disposición adicional segunda respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal...», debe dicir: «... previstas no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 7 de abril, respecto dos funcionarios con habilitación de carácter nacional...».

Na páxina 52, na disposición transitoria terceira, número 2, na segunda liña, onde di: «... do Estatuto, integranse...», debe dicir: «... integranse...».